

## COMISIÓN DE SEGUIMIENTO CRISE COVID-19. Documento achegas Por Chantada.

24/03/2020. 12:00 HORAS.

Agradecer antes de máis a acción de todo o persoal municipal e voluntarios de Protección Civil, nomeadamente aquelas persoas que están na primeira liña. Reiterar igualmente a disposición total a colaborar desde o noso grupo, e, persoalmente, a disposición a colaborar *in situ* se se considera necesario para axudar na xestión (precisaría documento acreditativo para poder desprazarme).

Entendemos que a acción municipal debe ter as seguintes **liñas prioritarias**: asistencia, protección, disuasión e sanción e, por último, información. Para alén dos documentos de propostas que xa achegamos sintetizamos o máis importante para cada liña a continuación:

### 1.- Asistencia.

A **coordinación** corresponde aos **Servizos Sociais (SS)** e a **aplicación das medidas** ao **SAF**, ás **brigadas municipais (BM)** organizadas o 17 de marzo e mais á **Protección Civil (PC)** e á **Policía Local (PL)**. Consideramos que o Goberno debe **valorar reforzar os SS**, ben mediante a reorganización de persoal, ben mediante a contratación de urxencia. Asemade, hai concellos que están contratando (tirando das persoas que se presentaron noutros procesos) **auxiliares de policía local**. Valorar isto.

Os **destinatarios** son os **utentes do SAF e do centro de día**, os **maiores que vivan sós** ou en situación de risco, as persoas en risco de **exclusión social**, as persoas en situación de **violencia de xénero** (confirmada ou hipotética) e os **menores que ficaron sen comedor** e cuxa situación familiar require intervención. Débese ir configurando unha base de datos para facer seguimento (presencial, telefónico... como se considere en cada caso) e actualizar coas necesidades e medidas adoptadas. A concelleira explicounos onte as medidas que se están desenvolvendo e partillamos a preocupación dos numerosos casos con necesidades que, seguramente, aínda non fomos quen de detectar por diferentes razóns.

Canto aos **servizos** que deben prestarse, para alén de calquera outra necesidade que poda detectarse entendemos que son prioritarios os seguintes:

- Reparto de **alimentos e menciñas** (BM e PC). Tentar adquirir os produtos a pequenos produtores e alimentos frescos e de proximidade sempre que for posíbel.
- **Enerxía**, nomeadamente butano (BM e PC). Vixiar igualmente que non se producen cortes nos fornecementos, de acordo co disposto no RDL polo que se decretou o estado de alarma.

- **Comida feita**, que se pode contratar con algún establecemento da vila, para bolsas-comedor para familias que o precisen (menores en risco, persoas sen teito ou con escasos recursos, maiores que viven sós ou que non están debidamente atendidos pola contorna familiar, etc.).
- **Alugueiro e vivenda**. O Concello debe satisfacer o alugueiro daquelas persoas que, pola súa situación, non son capaces de facerlle fronte e vixiar que as persoas sen fogar ou que podan precisar teñan vivenda axeitada. Neste caso concreto, propomos solicitar a Vivenda a casa do Cantón e mais empregar as prazas hoteleiras das que dispomos na vila.

## 2.- Protección.

### 2.1.- EPI's.

**Os encargados da aplicación deben ter a prioridade absoluta nas EPI's** coa seguinte xerarquía, en relación co risco de exposición e da potencialidade de transmisión: SAF, BM, PC e PL. Todo o persoal municipal debería contar coas correspondentes equipas, mais somos conscientes da falla de previsión noutras instancias e que, aínda hoxe, se anunciou o reparto aos concellos que veremos en que cantidade se efectiviza tendo en conta a situación no ámbito sanitario. Como medida provisoria pódense improvisar EPI's de fabricación artesanal.

### 2.2.- Teleasistencia.

**Telefones 24 horas para incidencias.** Valorar que sexa diferente ao dos SS para evitar saturación e que non sexa un telefone único. Emitir novo bando municipal coa nova información e que especifique os telefones de interese, por exemplo:

- para necesidades básicas e relacionadas do SAF o telefone dos SS, como até agora;
- para incidencias de persoas que incumpren a corentena Policía Local;
- para cuestións sanitarias os números correspondentes;
- para persoas que veñan de fóra a administración municipal (segue chegando xente dos principais focos a moitos concellos)-

### 2.3.- Desinfección.

Manuel Diéguez informounos que Ascan procede a desenvolver estes labores e que o persoal municipal reforza nos establecementos abertos. En todo caso, lembrar que se deben extremar as precaucións con:

- **Colectores** do lixo. Valorar até **deixar as tapas abertas permanentemente** cun cartaz explicativo para evitar o contacto.

- **Negocios abertos. Exterior**, mais tamén dar indicacións e ofrecer axuda para o **interior**.
- **Dependencias municipais.**
- **Rúas.**

### 3.- Disuasión e sanción.

O que levamos de corentena foi un ensaio, pois felizmente á nosa zona chegou con retardo o COVID-19. Porén, as dúas próximas semanas van ser vitais para a seguranza colectiva na nosa comarca. Por iso, entendemos que debe extremarse a vixilancia e combinar disuasión con sanción.

#### 3.1.- Disuasión.

Nalgúns concellos está funcionando, con bastante eficacia, un **vehículo con megafonía** recordando a obrigatoriedade do confinamento. Pórlle algo de música de fondo ao audio pode axudar tamén a tranquilizar. Valorar instalar na vila tamén **megafonía fixa**, faise tamén nalgúns sitios, por onde se poden lembrar instrucións, disuadir de saír ou mesmo difundir mensaxes de apoio entre a viciñanza, pois o emocional tamén xoga un papel importante nesta crise que vai exixir un confinamento prolongado e sen precedentes.

#### 3.2.- Sancionar.

Cómpre comezar a **sancionar** a todas aquelas persoas que incumpran a corentena, esta semana a prioridade debe ser a vila e, ao que estea controlada, vixiar tamén o rural. Lembramos que mesmo poden revisarse os sacos da compra para evitar que haxa persoas que vaian 2-3 veces ao día ao supermercado por produtos que non son de primeira necesidade. Vixiar tamén os vehículos e que se cumpren as disposicións (máximo dúas persoas por vehículo). Débense aplicar todas as sancións correspondente, se é necesario nalgún caso, porque sabemos que a persoa non ten recursos pagámolas nós, mais o confinamento debe garantirse custar o que custar desde xa.

### 4.- Informar.

Nun tempo de *fake news* e ruxe-ruxes macizos e incontrolábel debemos ofrecer como antídoto información vezas e actualizada. Propomos para **tranquilar**, un **parte diario nas RRSS** do Concello de Chantada cos contaxios e a situación comarcal, como se está facendo noutros concellos.

Agardo que estas achegas sexan do voso interese e útiles. Moita afouteza e ánimo para [tod@s](mailto:tod@s)!

Antom.